



Concello
de Nigrán

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS
POLA RECOLLIDA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E POLA
INMOVILIZACIÓN DE VEHÍCULOS MAL ESTACIONADOS**

8. REVOGACIÓN

Serán causas de revogación da concesión destes lotes:

- O falseamento ou ocultación dos datos e documentos necesarios para o seu outorgamento.
- A utilización destes lotes con outros fins que non sexan os propios para os que se concederon.
- En xeral calquera incumprimento das condicións establecidas nestas bases.

A revogación dará lugar á suspensión da axuda e á restitución do percibido indebidamente.

9. VIXENCIA

O presente Plan entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e sempre que teñan transcorridos os prazos aos que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, e continuará en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación, sempre que o Concello da Cañiza se integre nos Plans Anuais de Alimentos da Cruz Vermella Española, abríndose prazos de solicitude, cando así o estableza "Cruz Vermella".

A Cañiza, a 14 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013001528

* * *

NIGRÁN**ANUNCIO**

Advertidos erros no texto publicado da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados (Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 28, do día 8.02.12) procédese a efectuar as oportunas rectificacións todas elas referidas ao importe da cuota tributaria regulada no artigo 3 da ordenanza fiscal; publicándose, tamén, o texto íntegro da ordenanza fiscal citada.

Na páxina 41 do BOP número 28, do día 8.02.12, liñas 4ª, 5ª e 6ª do artigo 3 da ordenanza fiscal antes indicada; e na páxina 42 do mesmo BOP, nas doce primeiras liñas:

Onde dí:

ARTIGO 3. – CUOTA TRIBUTARIA.

Os importes da taxa son os seguintes

CONCEPTO	IMPORTE (€)
1.—Por enganche:	
1.1.—De vehículos de menos de catro rodas	28,26
1.2.—De turismos en xeral e furgonetas	50,00
1.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	72,81
2.—Por enganche e traslado ao depósito:	
2.1.—De vehículos de menos de catro rodas	56,51
2.2.—De turismos en xeral e furgonetas	101,07
2.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	145,62
3.—Por depósito (por día ou fracción):	
3.1.—De vehículos de menos de catro rodas	6,21
3.2.—De turismos en xeral e furgonetas	10,87
3.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	16,30
4.—Por inmovilización (de calquera clase):	
4.1.—De vehículos de menos de catro rodas	33,69
4.2.—De turismos en xeral e furgonetas	56,51
4.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	78,25

Debe decir:

ARTIGO 3. – CUOTA TRIBUTARIA.

Os importes da taxa son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
1.—Por enganche:	
1.1.—De vehículos de menos de catro rodas	28,00
1.2.—De turismos en xeral e furgonetas	50,00
1.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	73,00
2.—Por enganche e traslado ao depósito:	
2.1.—De vehículos de menos de catro rodas	56,50
2.2.—De turismos en xeral e furgonetas	101,00
2.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	146,00
3.—Por depósito (por día ou fracción):	
3.1.—De vehículos de menos de catro rodas	6,00
3.2.—De turismos en xeral e furgonetas	11,00
3.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	16,00
4.—Por inmovilización (de calquera clase):	
4.1.—De vehículos de menos de catro rodas	34,00
4.2.—De turismos en xeral e furgonetas	56,50
4.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	78,00

Tendo en conta o indicado, e aos efectos de cumprir co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados aprobada definitivamente polo Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 21.12.12:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA RECOLLIDA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E POLA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS MAL ESTACIONADOS

ARTIGO 1. – OBXECTO.

É obxecto desta exacción o aproveitamento dos elementos e medios que requira a prestación do servizo de retirada da vía pública de aqueles vehículos que perturben, obstaculicen ou entorpezan a libre circulación ou a inmovilización dos que estean mal estacionados.

ARTIGO 2. – OBRIGA DE CONTRIBUIR.

A obriga de contribuír recaerá sobre os conductores dos vehículos retirados ou inmovilizados e subsidiariamente sobre os titulares dos mesmos.

ARTIGO 3. – CUOTA TRIBUTARIA.

Os importes da taxa son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
1.—Por enganche:	
1.1.—De vehículos de menos de catro rodas	28,00
1.2.—De turismos en xeral e furgonetas	50,00
1.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	73,00
2.—Por enganche e traslado ao depósito:	
2.1.—De vehículos de menos de catro rodas	56,50
2.2.—De turismos en xeral e furgonetas	101,00
2.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	146,00



3.—Por depósito (por día ou fracción):	
3.1.—De vehículos de menos de catro rodas	6,00
3.2.—De turismos en xeral e furgonetas	11,00
3.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	16,00
4.—Por inmovilización (de calquera clase):	
4.1.—De vehículos de menos de catro rodas	34,00
4.2.—De turismos en xeral e furgonetas	56,50
4.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	78,00

ARTIGO 4 —

Non se devolverán aos seus propietarios ningún dos vehículos que se recolleran mentres non se faga efectivo do pago dos dereitos establecidos no artigo precedente, salvo no caso de interpoñer reclamación, fose depositado ou afianzado o importe da liquidación na contía e forma previstas no art. 224 da Lei 58/2003, de 17 decembro, xeral tributaria. O pago da liquidación da presente taxa, non exclúe en modo algún, o das sancións ou multas que foran procedentes por infracción das normas de circulación ou policía urbana.

ARTIGO 5. —

Quedan exentos do pago destas tarifas os vehículos roubados. Esta circunstancia deberá acreditarse mediante a aportación da copia da denuncia presentada pola súa sustracción.

Nigrán, a 11 de febreiro de 2013. — O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2013001498

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 31/01/2013, aprobou inicialmente a modificación/ampliación do Regulamento de Honores e Distincións, publicado no Boletín Oficial da Provincia do 09.12.1999.

Expediente que pode ser consultado na Secretaría do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en cumprimento do trámite de información pública, por prazo de 30 días, a efectos da presentación de reclamacións e suxerencias, ao abeiro do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), significándose que, de non formularse alegacións no indicado prazo, entenderáse aprobada definitivamente a modificación.

Redondela, a 6 de febreiro de 2013. — O alcalde, Javier Bas Corugeira.

2013001495

A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión de data 31 de xaneiro de 2013, aprobou inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS INSTALACIÓNS E UTILIZACIÓN NA VÍA PÚBLICA DE MESAS, CADEIRAS PARASOLES E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS, QUE CONSTITÚAN ACTIVIDADE DE HOSTALARIA CON FINALIDADE LUCRATIVA.

O que se somete o trámite de información pública por prazo de trinta días, que empezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, coa finalidade de que se formulen as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

Redondela, a 7 de febreiro de 2013. — O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

2013001496